



PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Número 197  
20 de outubro de 2017

Fascículo 1



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

###### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ **Rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de portos de Galicia** [- 14376 (10/PL-000005)] [58399](#)

###### 1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

■ **Toma en consideración da Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia** [- 339 (10/PPLI-000001)]

[58399](#)

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.5. Mocións

###### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

###### Aprobación con modificacións

###### ■ **17886 (10/MOC-000049)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 15654, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017)

[58400](#)

###### Rexeitamento da iniciativa

###### ■ **17887 (10/MOC-000050)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario. (Moción a consecuencia da Interpelación nº15083, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017)

[58400](#)

###### 1.3.6. Proposicións non de lei

###### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

###### 1.3.6.1.3. Proposicións retiradas

###### Aprobación sen modificacións

###### ■ **16414 (10/PNP-001257)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

**Pazos Couñago, José Alberto e dez deputados/as máis**

Sobre o requirimento polo Goberno galego ao Concello de Vigo do remate da urbanización do contorno do hospital público Álvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento do centro [58401](#)

**Aprobación por unanimidade con modificacións****I 5776 (10/PNP-000492)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

**González Vázquez, José e cinco deputados/as máis**

Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno central da cesión ás comunidades autónomas do rendemento do imposto sobre sucesións e doazóns derivado da obriga real de contribuír, da obriga persoal do causante non residente, así como da adquisición de bens inmobles situados fóra de España, xunto coa delegación das competencias de xestión, recadación, inspección e revisión correspondentes [58401](#)

**I 17987 (10/PNP-001338)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego para frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias, S. A. nos seus centros de produción do Porriño e Mos [58402](#)

**Aprobación por unanimidade sen modificacións****I 8124 (10/PNP-001368)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

De iniciativa popular, sobre a realización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das adaptacións necesarias para incluír a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como troncal na oferta de bacharelato, así como a demanda ao Goberno do Estado para que propicie nos traballos para o denominado Pacto educativo un debate en profundidade sobre a situación da filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia [58402](#)

**Rexeitamento da iniciativa****I 1042 (10/PNP-000096)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Fernández Fernández, Raúl e dous deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa execución da liña e das infraestruturas de alta velocidade ferroviaria en Galicia [58403](#)

**I 14901 (10/PNP-001193)**

Grupo Parlamentario de En Marea

**Cal Ogando, Marcos e Villares Naveira, Luis**

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos e a Fegamp, dun plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do territorio galego [58403](#)

**I 17226 (10/PNP-001299)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución de modificacións en diversos artigos da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

[58403](#)**I 17349 (10/PNP-001306)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras do sur da provincia de Ourense, en particular na produción de castaña, mel e forraxes para o gando

[58403](#)**I 17997 (10/PNP-001339)****Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos labores que están a desenvolver os axentes medioambientais

[58403](#)**1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos****1.3.7.1. Declaracións institucionais**

I Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 17 de outubro de 2017, con motivo do Día Internacional para a erradicación da pobreza [58404](#)

**3. Administración do Parlamento de Galicia****3.2. Recursos humanos**

I Resolución da Presidencia, do 18 de outubro de 2017, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ás probas selectivas para o ingreso por promoción interna dunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia [58406](#)

**4. Informacións e correccións de erros****4.2. Correccións de erros**

I Corrección de erros no acordo da Mesa do Parlamento do día 16 de outubro de 2017, de admisión a trámite da solicitude de comparecencia en Pleno doc. núm. 18749 (10/PPP-000038) [58407](#)

O Pleno do Parlamento, na sesión do 17 de outubro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

## **1. Procedementos parlamentarios**

### **1.1. Procedementos de natureza normativa**

#### **1.1.2. Propostas de normas**

##### **1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei**

###### **1.1.2.1.1. Proxectos de lei**

#### **Rexeitamento de emendas á totalidade**

- 14376 (10/PL-000005)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de portos de Galicia

BOPG nº 165, do 30.08.2017

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Sométense a votación ás emendas á totalidade de devolución, co seguinte resultado:

—Emenda do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 16843): rexeitada por 20 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

—Emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 16844): rexeitada por 20 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

—Emenda do G. P. de En Marea (doc. núm. 16742): rexeitada por 20 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.

###### **1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular**

#### **Toma en consideración da Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia**

- 339 (10/PPLI-000001)

Comisión Promotora

Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia

BOPG nº 4, do 31.10.2016

Sométese a votación e resulta aprobada a toma en consideración por 54 votos a favor, 6 votos en contra e ningunha abstención.

### **1.3. Procedementos de control e impulso**

#### **1.3.5. Mocións**

##### **1.3.5.4. Mocións tramitadas**

#### **Aprobación con modificacións**

- 17886 (10/MOC-000049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 15654, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017)  
BOPG nº 187, do 05.10.2017

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 3 e 6: aprobados con modificacións pola unanimidade dos 57 deputados e deputadas presentes.

Resto dos puntos: rexeitados por 20 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a realizar todas as accións precisas para garantir unha rede pública cos recursos que as persoas en situación de dependencia precisan, e garantir a equidade no acceso, nomeadamente residencias, axuda no fogar e centros de día.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno español e demandarlle o financiamento acordado do 50 % dos gastos de atención á dependencia.»

#### **Rexeitamento da iniciativa**

- 17887 (10/MOC-000050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario. (Moción a consecuencia da Interpelación nº15083, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017)  
BOPG nº 187, do 05.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 20 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

### **1.3.6. Proposicións non de lei**

#### **1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno**

##### **1.3.6.1.3. Proposicións retiradas**

#### **Aprobación sen modificacións**

- 16414 (10/PNP-001257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e dez deputados/as máis

Sobre o requirimento polo Goberno galego ao Concello de Vigo do remate da urbanización do contorno do hospital público Álvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento do centro

BOPG nº 178, do 20.09.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 40 votos a favor, 20 votos en contra e 10 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a requirir ao Concello de Vigo que complete a urbanización do contorno do Hospital público Alvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento da principal instalación sanitaria da cidade.»

#### **Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 5776 (10/PNP-000492)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e cinco deputados/as máis

Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno central da cesión ás comunidades autónomas do rendemento do imposto sobre sucesións e doazóns derivado da obriga real de contribuír, da obriga persoal do causante non residente, así como da adquisición de bens inmobles situados fóra de España, xunto coa delegación das competencias de xestión, recadación, inspección e revisión correspondentes

BOPG nº 79, do 08.03.2017

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno central que se ceda ás comunidades autónomas o rendemento do imposto sobre sucesións e doazóns derivado da obriga real de contribuír, da obriga persoal do causante non residente así como da adquisición de bens inmobles situados fóra de España. Esta cesión comprenderá tamén a delegación das competencias de xestión, recadación, inspección e revisión correspondentes.»

- 17987 (10/PNP-001338)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego para frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias, S. A. nos seus centros de produción do Porriño e Mos

BOPG nº 187, do 05.10.2017

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Pleno do Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a facer xestións ante a propiedade de Maderas Iglesias S. A. coa finalidade de procurar a viabilidade e a continuidade da empresa, velar polos dereitos laborais e polo mantemento do emprego.»

### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 8124 (10/PNP-001368)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

De iniciativa popular, sobre a realización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das adaptacións necesarias para incluír a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como troncal na oferta de bacharelato, así como a demanda ao Goberno do Estado para que propicie nos traballos para o denominado Pacto educativo un debate en profundidade sobre a situación da filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia

BOPG nº 191, do 11.10.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Consellería de Educación a:

1. No marco das súas competencias, realizar as adaptacións necesarias para incluír na oferta educativa do bacharelato a obrigatoriedade da Historia da Filosofía como materia troncal.

2. Instar o Ministerio de Educación do Goberno do Estado a propiciar, nos traballos do denominado Pacto educativo, un debate en profundidade sobre a situación da Filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia.»



## Rexeitamento da iniciativa

- 1042 (10/PNP-000096)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e dous deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa execución da liña e das infraestruturas de alta velocidade ferroviaria en Galicia

BOPG nº 18, do 23.11.2016

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 14901 (10/PNP-001193)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Villares Naveira, Luis

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos e a Fegamp, dun plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do territorio galego

BOPG nº 170, do 06.09.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 17226 (10/PNP-001299)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución de modificacións en diversos artigos da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

BOPG nº 182, do 27.09.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 14 votos a favor, 40 votos en contra e 17 abstencións.

- 17349 (10/PNP-001306)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiros do sur da provincia de Ourense, en particular na produción de castaña, mel e forraxes para o gando

BOPG nº 187, do 05.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, en 40 votos contra e ningunha abstención.

- 17997 (10/PNP-001339)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos labores que están a desenvolver os axentes medioambientais

BOPG nº 187, do 05.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### **1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos**

#### **1.3.7.1. Declaracións institucionais**

#### **Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 17 de outubro de 2017, con motivo do Día Internacional para a erradicación da pobreza**

O Pleno da Cámara, na súa sesión do día 17 de outubro de 2017, adoptou, por asentimento, o seguinte acordo:

«Declaración institucional do Parlamento de Galicia con motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza

Con motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, o Parlamento de Galicia e as deputadas e deputados que representamos a cidadanía galega queremos reiterar o noso compromiso unánime do ano 2010 e lembrar de novo a necesidade urxente de seguir avanzando na loita contra a pobreza extrema na que aínda hoxe malviven máis de 1.400 millóns de persoas. Queremos tamén recoñecer o esforzo e o sentir dos galegos e galegas que, defendendo os dereitos humanos, se esforzan por conseguir un mundo máis xusto e loitan contra a desigualdade.

O crecemento e a recuperación económica, aínda que está permitindo recuperar algunhas das políticas e orzamentos de inclusión social ou emprego, non será efectivo mentres non garanta de xeito estable o seu dereito a unha vida digna a todas e cada unha das galegas e galegos que no 2016 estaban en risco de pobreza ou exclusión social, o 25,4 % da poboación.<sup>1</sup>

Queremos recoñecer o esforzo e a solidariedade de gran parte da poboación galega nos peores anos da crise económica: familias, veciñanza e en especial as nosas persoas maiores. Sabemos da súa debilidade e das graves dificultades que terían para afrontar outra crise.

Somos conscientes da obriga de seguirmos avanzando no noso modelo social, no que non se permita deixar ninguén á marxe, e no que dende os poderes públicos se garantan os dereitos constitucionais e a inclusión social.

---

<sup>1</sup> Enquisa de Condicións de Vida 2016 (INE) <http://eapn-galicia.com/a-recuperacion-non-chega-as-galegas-e-galegos-en-risco-de-pobreza-ou-exclusion/>

En especial, é urxente e vital para o futuro de Galicia evitar a transmisión interxeracional da pobreza. Hai que seguir loitando para evitar que o 80 % das nenas e nenos que hoxe viven en familias na pobreza estean condenados a sufrila o resto da súa vida, así como as súas fillas e fillos.

As propias persoas en risco de pobreza e baixo lemas como “As persoas primeiro” ou “Somos persoas, non expedientes”, resumen as súas demandas en tres principios: loitar contra as causas da pobreza e a desigualdade, moi lonxe do asistencialismo e asegurando a igualdade de dereitos e unha inclusión social activa baseada na garantía de ingresos (mediante o emprego ou rendas mínimas áxiles); compromiso en orzamentos e planificación a medio e longo prazo; e unha coordinación política e técnica entre as administracións e as organizacións especializadas que reduza drasticamente a burocracia.

Conmemoramos este Día cando asistimos a unha crecente evolución dos prexuizos, estereotipos, intolerancia e ata desprezo ás persoas en risco de pobreza ou exclusión.

Os delitos de odio en España incrementáronse case nun 93 % dende o 2011 ata o 2015<sup>2</sup>. Nas redes sociais só entre 2015 e 2016 os delitos de odio medraron nun 82 % segundo a Fiscalía Xeral do Estado<sup>3</sup>.

Fenómenos como o racismo, a xenofobia e a aporofobia (odio ás persoas en pobreza) son especialmente incidentes. Neste último caso, unha de cada cinco persoas sen fogar foi agredida fisicamente cando menos unha vez, e unha de cada tres foi insultada ou vexada.<sup>4</sup>

As persoas non son culpables da súa pobreza. Non o son as nenas e nenos nin as súas nais e pais.

Tampouco o son da súa exclusión as persoas con discapacidade, migrantes, refuxiadas ou da comunidade xitana, as mozas e mozos tuteladas ou as privadas de liberdade.

Ninguén é culpable do seu sufrimento. Non o son as mulleres vítimas de violencia de xénero. Nin calquera persoa pola súa orientación ou identidade sexual.

Non existen as relixións que defendan o terrorismo ou a violencia.

Ningunha persoa é inútil. Sexa moza, desempregada, xubilada ou sen fogar.

As persoas que sofren e denunciaron estas e outras moitas mentiras no último Seminario Galego de Participación e Cidadanía Inclusiva<sup>5</sup> ou as que afirmaron que “o máis perigoso dos prexuizos é cando ti mesmo os cres” non están soas.

---

2 <http://www.pensamientopenal.com.ar/system/files/2017/04/doctrina45236.pdf>

Informe 2015 Ministerio do Interior <http://www.interior.gob.es/documents/642012/3479677/DELITOS+DE+ODIO+2015/c7caf071-df8b-4309-ade6-1936032b850e>

3 <https://ecosdosur.blogspot.com.es/2017/09/que-di-o-informe-da-fiscalia-sobre-os.html>

4 Informe Hatento <http://hatento.org/conoce/los-delitos-odio-contra-las-personas-sin-hogar-resultados1/>

5 <http://eapn-galicia.com/participando-contra-prejuizos-e-mentiras-pobreza/>

Neste Día Internacional para a Erradicación da Pobreza queremos facer un chamamento para non caer na ignorancia dos prexuízos, e dar un paso cara á inclusión urxente das persoas que non se atopan en igualdade de condicións para a consecución dunha vida digna.».

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.2. Recursos humanos

#### **Resolución da Presidencia, do 18 de outubro de 2017, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ás probas selectivas para o ingreso por promoción interna dunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia**

De conformidade coas medidas de planificación dos recursos humanos para o ano 2017 adoptadas pola Mesa do Parlamento de Galicia, conforme o acordo da Mesa de negociación do 3 de xullo de 2017, entre as que se inclúe unha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, a Mesa do Parlamento acordou, con data do 1 de agosto de 2017, a convocatoria deste posto mediante promoción interna, ao abeiro do disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia e 16 do seu Estatuto de persoal.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, e unha vez comprobadas as solicitudes e a documentación presentada polos aspirantes, ao teor do disposto na base terceira e cuarta da convocatoria,

RESOLVO:

1º. Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos do referido proceso selectivo.

Admitidos:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	Fernández Andrade	Manuel	76507419N
2	Lorenzo Santalucía	María Irene	34952651B
3	Estévez Adán	Hixinio	34914988E

Excluídos: Ningún

2º. Ordenar a publicación desta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e mais na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela 18 de outubro de 2017  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.2. Correccións de erros

#### **Corrección de erros no acordo da Mesa do Parlamento do día 16 de outubro de 2017, de admisión a trámite da solicitude de comparecencia en Pleno doc. núm. 18749 (10/CPP-000038)**

Advertido un erro material no acordo da Mesa do Parlamento do día 16 de outubro de 2017, de admisión a trámite da solicitude de comparecencia en Pleno doc. núm. 18749 (10/CPP-000038), publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 195, do 18 de outubro de 2017, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

No sumario e mais na páxina 57769, onde di:

«- 18749 (10/CPP-000038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Grupo Parlamentario de En Marea

Do Sr. presidente da Xunta de Galicia para analizar a gravísima situación creada polos lunes forestais e urbanos que asedian o país»

Debe dicir:

«- 18749 (10/CPP-000038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia


Grupo Parlamentario de En Marea

Do Sr. presidente da Xunta de Galicia para analizar a gravísima situación creada polos lunes forestais e urbanos que asedian o país»

Santiago de Compostela, 19 de outubro 2017

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727